

VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANUNCIO do 4 de marzo de 2016, da Dirección Xeral de Ordenación e Produción Forestal, polo que se notifica a resolución das solicitudes de subvención desestimadas ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención e defensa contra os incendios forestais en montes veciñais en man común, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013 e se convocan para o ano 2015 (Diario Oficial de Galicia número 12, do 20 de xaneiro de 2015).

O día 20 de xaneiro de 2015, a Consellería do Medio Rural e do Mar publicou a Orde do 30 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención e defensa contra os incendios forestais en montes veciñais en man común cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013 e se convocan para o ano 2015.

Segundo o establecido no número 5 do artigo 8 sobre a instrución e resolución de expedientes, «Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. De conformidade co establecido no artigo 59.6.b) da indicada lei, a notificación realizarase mediante a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, no taboleiro de anuncios e na páxina web da Consellería do Medio Rural e do Mar. Nesta publicación especificaranse a data da convocatoria, o beneficiario, a cantidade concedida, a finalidade da subvención outorgada, así como a indicación das causas da desestimación e expresarán, ademais, os recursos que contra a resolución procedan, o órgano administrativo ou xudicial ante o cal se deben presentar e o prazo para interpoñelos; ademais, reflectirá que a medida se subvencionará en virtude dun programa cofinanciado polo Feader e o eixe prioritario do programa de desenvolvemento rural de que se trata. O órgano competente poderá substituír esta publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na web, pola notificación individualizada, de conformidade co establecido no artigo 59 da Lei 30/1992.».

Esta orde enmárcase no Programa de desenvolvemento rural de Galicia (PDR) 2007-2013, aprobado por Decisión C (2008) 703 da Comisión, do 15 de febreiro de 2008, dentro do eixe 2 e a medida 2.2.6. (recuperación do potencial forestal e implantación de medidas



preventivas) e, ademais, dado o seu enfoque á prevención de incendios, encádrase como medida horizontal dentro do Marco nacional de desenvolvemento rural.

Notifícase que, con data do 23 de abril de 2015, a conselleira do Medio Rural e do Mar, por delegación no secretario xeral do Medio Rural e Montes, resolveu aprobar as axudas a un conxunto de solicitudes segundo a Orde do 30 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención e defensa contra os incendios forestais en montes veciñais en man común. A dita concesión foi comunicada aos beneficiarios mediante notificación individualizada.

Posteriormente, con data do 16 de xullo de 2015 publicábbase (DOG nº 133) a Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se amplía a dotación orzamentaria para a concesión das axudas da Orde do 30 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención e defensa contra os incendios forestais en montes veciñais en man común cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013 e se convocan para o ano 2015.

A dita ampliación posibilitaba unha nova concesión daquelas axudas que non se puideron conceder por limitación de crédito orzamentario. Con data do 14 de agosto de 2015, novamente a conselleira do Medio Rural e do Mar, por delegación no secretario xeral do Medio Rural e Montes, concedía resolver novas axudas. A dita concesión foi comunicada aos beneficiarios mediante notificación individualizada.

Realizada a preceptiva notificación daquelas axudas concedidas, cabe, consonte co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notificar a desestimación daquelas axudas non concedidas, especificando o beneficiario, a cantidade solicitada, a finalidade da subvención outorgada, así como a indicación das causas da desestimación.

A dita orde tiña como obxecto establecer as bases reguladoras da concesión de subvencións que os titulares de montes veciñais en man común e as súas agrupacións poderán percibir para a posta en marcha de actuacións preventivas recollidas na lexislación galega sobre incendios forestais e a súa convocatoria para o ano 2015 en réxime de concorrencia competitiva. Establécense dúas finalidades de subvencións:

a) Liña I: subvencións para o control selectivo de combustible (código de procedemento MR651A).



b) Liña II: subvencións para a construcción de puntos de auga (código de procedemento MR651B).

Ademais, o artigo 5, titulado «Condicións xerais e técnicas do investimento», establecía as obrigas que os interesados debían cumplir para atoparse en condicións de ser beneficiarios da axuda.

O anexo I relaciona a listaxe daquelas axudas solicitadas que foron desestimadas; esta listaxe atópase na páxina web da Consellería do Medio Rural.

Contra esta resolución de desestimación cabe a interposición de recurso potestativo de reposición, ante a conselleira do Medio Rural, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, de acordo cos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2016

Tomás Fernández-Couto Juanas
Dirección xeral de Ordenación e Produción Forestal

ANEXO I

Listaxe de solicitudes de axuda desestimadas para a súa aprobación segundo a Orde do 30 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención e defensa contra os incendios forestais en montes veciñais en man común cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013 e se convocan para o ano 2015

Expediente	NIF solicitante	Solicitante	Tipo exp.	Descripción incidencia
02150002/2015	E15336506	CMVMC Marina Calzada e Agre	L1	Débeda coa AEAT
02150003/2015	E15258494	CMVMC do Gato, Pena Blanca e outros	L1	Débeda coa AEAT
02150021/2015	V15420938	CMVMC de Asados	L1	Documentación incompleta, débeda coa AEAT, hai CMVMC/mancomunidades non legalmente constituídas
02150023/2015	V15562952	CMVMC de Burés	L1	Documentación incompleta, hai CMVMC/mancomunidades non legalmente constituídas
02150036/2015	V15654841	CMVMC Cures e Mouzo	L1	Hai CMVMC/mancomunidades non legalmente constituídas



Expediente	NIF solicitante	Solicitante	Tipo exp.	Descripción incidencia
02150047/2015	V15607906	CMVMC Suevos	L1	Documentación incompleta
02150052/2015	V70400643	CMVMC Penafesa e Marola	L1	Documentación incompleta, hai CMVMC/ mancomunidades consorciadas
02150053/2015	V15663370	CMVMC Vilouriz	L1	Documentación incompleta, hai CMVMC/ mancomunidades consorciadas
02150059/2015	V15070238	CMVMC Olveira	L1	Débeda coa Xunta
02270025/2015	V27219245	CMVMC de Folgueiroa	L1	A suma das porcentaxes de execución dos traballo (% E.T.) dos beneficiarios non é do 100 %, a suma das porcentaxes das axudas percibibles para cada beneficiario non é do 100 %
02270043/2015	G27260744	CMVMC de Allonquiña	L1	Documentación incompleta
02270055/2015	V27260504	CMVMC Faro de Esmeriz	L1	Documentación incompleta
02270056/2015	V27271865	CMVMC Cabanelas, Pomes e Vilardonas	L1	Documentación incompleta
02270062/2015	V27356617	CMVMC de Campodola	L1	Documentación incompleta
02270066/2015	V27179928	CMVMC de Sampaio e Santiago Cangas	L1	Documentación incompleta
02270090/2015	E27233725	CMVMC A Seara	L1	Documentación incompleta
02270101/2015	V27202126	CMVMC Lama Grande e outros	L1	Documentación incompleta
02270120/2015	E27121797	CMVMC de Pena	L1	Documentación incompleta
02270121/2015	V27130129	CMVMC de Santa María Alta	L1	Documentación incompleta
02270141/2015	V27133891	CMVMC de Trasmonte	L1	Documentación incompleta
02270154/2015	V27118991	CMVMC Loentia	L1	Documentación incompleta
02270159/2015	V27038579	CMVMC Coto da Cal e Couce de Vigo	L1	Documentación incompleta
02270165/2015	V27133180	CMVMC Trasparga	L1	Documentación incompleta
02270172/2015	V27354281	CMVMC do Seixo Grande	L1	Documentación incompleta, representante non cuberto, non se cumple o mínimo de membros da agrupación, non se detallou ningunha actuación para o expediente
02270173/2015	E27127992	CMVMC de Castelo	L1	Documentación incompleta, hai actuacións para as cales non se alcanza o mínimo de unidades na campaña 2015
02320001/2015	V32240996	CMVMC de Leboreiron	L1	Documentación incompleta
02320009/2015	V32225104	CMVMC Serra San Mamede	L1	Documentación incompleta
02320014/2015	V32208779	CMVMC Monte Baixo da Fraga	L1	Documentación incompleta
02320020/2015	V32170813	CMVMC de Reparade	L1	Documentación incompleta
02320021/2015	V32337404	CMVMC de Meaus e Pico de Molín	L1	Débeda coa AEAT
02320026/2015	E32130593	CMVMC Moreiras e Trelle	L1	Documentación incompleta
02320033/2015	V32026411	CMVMC Serra de Queguas	L1	Documentación incompleta



Expediente	NIF solicitante	Solicitante	Tipo exp.	Descripción incidencia
02320043/2015	V32186496	CMVMC Montes do Rosal	L1	Documentación incompleta
02320060/2015	V32208399	CMVMC de Serra de Abaixo	L1	Documentación incompleta
02320067/2015	V32231391	CMVMC de San Tirso	L1	Documentación incompleta
02320075/2015	V32171639	CMVMC Borran	L1	Documentación incompleta
02320088/2015	V32362048	CMVMC Gudín (Serra Larouco)	L1	Documentación incompleta
02320090/2015	V32168296	CMVMC Laza Souteliño e Cimadevila	L1	Documentación incompleta
02320104/2015	E32240749	CMVMC Sas do Monte	L1	Documentación incompleta
02320111/2015	E32241986	CMVMC de Santo Tomé de Calvelo	L1	Documentación incompleta
02320115/2015	V32182784	CMVMC Güimil, Revolta e outros	L1	Documentación incompleta
02320121/2015	V32337784	CMVMC Ricovanca	L1	Documentación incompleta
02320124/2015	V32333080	CMVMC de Parafita	L1	Documentación incompleta
02320127/2015	E32239725	CMVMC Rubillón	L1	Documentación incompleta
02320138/2015	V32295636	CMVMC de Estevesiños	L1	Documentación incompleta
02320143/2015	V32229221	CMVMC de Zapeaus	L1	Documentación incompleta
02320145/2015	V32336083	CMVMC Dehesa, Castelo e Zureira	L1	Documentación incompleta
02320158/2015	V32337164	CMVMC Bozqueimado, Casteligo, Celeiros, A Ventosa e Lamas	L1	Documentación incompleta
02320169/2015	E32133779	CMVMC Veciños de Rubiana	L1	Documentación incompleta
02320180/2015	E32256471	CMVMC Carballal de Lobos	L1	Documentación incompleta
02320204/2015	V32155962	CMVMC de Riomao, Biduedo e Serra do Eixe	L1	Documentación incompleta
02320215/2015	V32278046	CMVMC Parroquia de Vila	L1	Documentación incompleta
02320218/2015	V32201881	CMVMC de Moldes	L1	Documentación incompleta
02320226/2015	V32243941	CMVMC Santa Mª de Cexo	L1	Documentación incompleta
02320230/2015	E32271447	CMVMC de Pousada, Coto da Formiga, Novas, Penedo	L1	Documentación incompleta
02320239/2015	V32224925	CMVMC Touros	L1	Documentación incompleta
02320241/2015	V32267270	CMVMC Pazos (Picouto, Lobego-Trabancas)	L1	Documentación incompleta
02320242/2015	E32318917	CMVMC O Bouzo (Cairo e Ribeira)	L1	Documentación incompleta, solicitante/ miembros de agrupación noutro expediente do mesmo tipo
02320244/2015	V32407603	CMVMC de Alén	L1	Documentación incompleta
02320246/2015	E32267080	CMVMC As Chedas	L1	Documentación incompleta
02320247/2015	V32267882	CMVMC Nogueira	L1	Documentación incompleta
02320252/2015	G32384976	CMVMC Garabelos (Cornocide e Camiño de Nigueiroá)	L1	Documentación incompleta

CVE-DOG: fvbcny4-ala7-nm03-lmd2-3h6zjdeezf5



Expediente	NIF solicitante	Solicitante	Tipo exp.	Descripción incidencia
02320257/2015	E32346587	CMVMC Carballeira, Goterre.... (Amoroce)	L1	Documentación incompleta
02320263/2015	V32403529	CMVMC Cortegazas	L1	Documentación incompleta
02320265/2015	V32303042	CMVMC Acevedo	L1	Documentación incompleta
02320284/2015	V32215212	CMVMC A Fenteira de Puga	L1	Documentación incompleta
02320286/2015	V32030744	CMVMC Agrela de Alongos	L1	Documentación incompleta
02320289/2015	V32307423	CMVMC Lazpedo, Cebreiro e Veiga	L1	Documentación incompleta
02320290/2015	V32241457	CMVMC Arruas	L1	Documentación incompleta
02320304/2015	V32244386	CMVMC Ermida	L1	Documentación incompleta, solicitante/ membros de agrupación noutro expediente do mesmo tipo
02320305/2015	V32460537	CMVMC de Moialde	L1	Documentación incompleta
02150001/2015	E15672348	CMVMC Capela	L2	Documentación incompleta, hai CMVMC/ mancomunidades consorciadas
02270145/2015	V27165711	CMVMC de Furís	L2	Hai CMVMC/mancomunidades non legalmente constituídas
02270150/2015	V27354281	CMVMC do Seixo Grande	L2	Documentación incompleta, representante non cuberto, non se cumple o mínimo de membros da agrupación, non se detallou ningunha actuación para o expediente
02320167/2015	V32208399	CMVMC de Serra de Abaixo	L2	Documentación incompleta
02320175/2015	V32030744	CMVMC Agrela de Alongos	L2	Documentación incompleta
02320235/2015	V32267270	CMVMC Pazos (Picouto, Lobego-Trabancas)	L2	Documentación incompleta

